



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano IX ★ Ourense 15 Nadal 1927 ★ Núm. 48

NOVOS CANTARES

por ANTONIO COUCEIRO FREIXOMIL

És un botado pra diante,
pero ti a min non mas das:
a xente nunca che é menos
que cando coida que é mais.

Na loubanza débese ir
con tino, porque non sexa
a sobra de cera tanta
que prenda o lume na eirexa.

O viño sempre está ben;
ti damo cando quixeres;
logo de comel-o caldo
un gotiño non mo negues.

Cadelión, cadelión
que hoxe me fas tanta festa:
teño tallada na mau,
e seica queres comela.

Por aquilo de falar
berreille a un xordo o outro día:
—¿A onde se vai, meu patrón?
E contestou:— A oir misa.

Foise Xulián de ruada,
i-ô sair dixo a muller:
—Despois que un vai ben comido
non ten ansia de comer.

Merquei con diñeiro alleo,
e non-o volvo a faguer:
mercar con diñeiro de outros
n'é mercar, sinon vender.

As estrelas do ceo
tembran na noite, e non sei
si é que tembran espantadas
do que no mundo elas ven.

Non poiden fuxir do pau,
mais logrei que a outro lle deran;
mentral-o pau vai e ven
algún descanso me espera.

Home que pól-a calada
nas pedras anda a apañar
ou é tolo de remate
ou a alguén as quer ceibar.

Xa sei que é soilo no ceo
onde un pode ser feliz,
i-eu sería si topase
co-ista meiga terra alí.

Moito te quixen, e ti
nunca boa fala me deches;
Dios che depare mais sorte
da que para min trougueches